ANTONIO EDELMIRO GATO SOENGAS (1 para 1)
ALCALDE
Data de Sinatura: 09/09/2019
HASH: 872d65c31b8d274c5a466da7a78b70cb

ANUNCIO NO PORTAL WEB DO CONCELLO DA CONSULTA PÚBLICA

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza Municipal sobre saneamento e depuración de augas residuais, solicítase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

c) Os obxectivos da norma.

d) As posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos no seguinte cuestionario durante o prazo de dez días a contar desde o día seguinte ao de publicación do presente anuncio na web municipal, mediante a súa presentación en calquera dos lugares indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa	*Regúlanse nesta Ordenanza as normas que regulan a xestión e o uso da rede de saneamento de titularidade municipal, así como todas as competencias e actuacións que lle corresponden ao Servizo Municipal de Saneamento de Augas Residuais. Máis concretamente, esta Ordenanza regula as condicións para a autorización dos vertidos ás redes de saneamento públicas municipais, establecendo limitacións ao vertido, de xeito que non se lles causen efectos prexudiciais ás infraestruturas que conforman a propia rede e á estación depuradora, non se produzan riscos para o persoal que explota e mantén o sistema de saneamento, se favoreza o mantemento da rede e non se alteren os procesos de depuración*

Cod. Validación: 4GJFM9RJH2MPFT45XPASYP3YG | Corrección: http://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 1 a 4

	das augas residuais.
Necesidade e Oportunidade da súa aprobación	*No ámbito da nosa comunidade autónoma, o artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, declara de "interese da Comunidade Autónoma de Galicia" o servizo de depuración de augas residuais e, no seu artigo 27, resérvalle á competencia municipal o tratamento das augas residuais e a prestación do servizo de rede de saneamento, incluíndo o control dos vertidos a esas redes no marco da normativa de aplicación. O desenvolvemento regulamentario desta norma ten lugar polo Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do servizo público de saneamento e depuración de augas residuais de Galicia, que complementa así a normativa estatal básica en materia de depuración de augas residuais urbanas.*
Obxectivos da norma	*Esta Ordenanza dítase para contribuír a acadar as seguintes finalidades:* *a) Adecuar a calidade da auga dos efluentes da EDAR municipal ao medio receptor, de xeito que se cumpran os límites impostos a ela na súa autorización de vertido, posibilitando ao mesmo tempo unha xestión eficiente desta e do resto das instalacións que conforman o Servizo Municipal de Saneamento, garantindo o seu correcto funcionamento.* *1* *b) Previr danos ou alteracións que poidan reducir ou anular a eficacia dos procesos de*

Cod. Validación: 4GJFM9RJH2MPFT45XPASYP3YG | Corrección: http://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 2 a 4

	tratamento da estación depuradora (sobre todo dos procesos biolóxicos), tendo especial coidado na chegada de sobrecargas hidráulicas ou de masas de contaminantes, así como de tóxicos. *2* *c) Garantir o bo funcionamento de todas as infraestruturas, obras e equipamentos que integran o Servizo Municipal de Saneamento.* *3* *d) Evitar poñer en risco a saúde dos traballadores das redes de saneamento e da planta depuradora, e da poboación en xeral, pola aparición de condicións de perigosidade ou toxicidade, xeradas por gases volátiles, substancias alérxicas, substancias corrosivas atmosferas explosivas, organismos patóxenos, etc.* *e) Posibilitar a reutilización das augas residuais.* *f) Evitar emisións incontroladas de contaminantes á atmosfera.* *g) Evitar que os lodos de depuración das augas residuais urbanas teñan concentracións de contaminantes que non permitan o seu aproveitamento ou valorización segundo as normas que lles sexan de aplicación.*
Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias	*É necesario aprobar a ordenanza posto que este concello conta cunha regulación obsoleta que data dos anos 90.*

Cod. Validación: 4GJFM9RJH2MPFT45XPASYP3YG | Corrección: http://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 3 a 4

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Cod. Validación: 4GJFM9RJH2MPFT45XPASYP3YG | Corrección: http://monterroso.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPúblico | Páxina 4 a 4